



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA. DEPARTAMENTO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

Pagamento do prezo xusto pola expropiación dos bens e dereitos afectados pola execución do proxecto: Liña SEQ806 Quiroga 6, substitución do apoio C7492KHS//31 (Concello de Quiroga e Ribas de Sil). Expediente: 2023/215-ATE.

Mediante o presente anuncio comunícase a todos os interesados afectados polo procedemento de expropiación do expediente de referencia, cumprindo co previsto na resolución dictada polo Xurado de Expropiación de Galicia, a data, a hora e o lugar para o pagamento do prezo xusto de acordo co seguinte calendario:

Concello	Titular	Día	Hora	Predio
Quiroga	Hrdos de Estela Fraga Alva	22/10/2026	10:00	1
Ribas de Sil	Iberdrola	22/10/2026	11:30	2 e 3

Os propietarios dos predios afectados serán notificados individualmente e advírteselles que os pagamentos se realizarán nas condicións que establecen o artigo 48 da Lei de expropiación forzosa, do 16 de decembro de 1954 (BOE núm 351 de 17 de decembro de 1954), e os artigos 48, 49 e 50 do seu Regulamento, de 26 de abril de 1957.(BOE núm. 160 de 20 de xuño de 1957).

Lugo, 3 de xullo de 2026.- O director territorial, Gustavo J. Casasola de Cabo.

R. 1807

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES)

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRECTAS (NOMINATIVAS E EXCEPCIONAIS) TRAMITADAS POLA ÁREA DE DEPORTES, ARTESANÍA E DESEÑO E MEMORIA HISTÓRICA (DEPORTES) DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO NO SEGUNDO TRIMESTRE DO ANO 2026.

En cumprimento do establecido nos artigos 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e 11 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo, faise pública a relación de subvencións directas, nominativas e de carácter excepcional, tramitadas pola Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica (Deportes) da Excma. Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2026.

Entidade	CIF	Tipo subvención	Finalidade	Aplicación orzamentaria	Importe	Órgano de aprobación
VILLALBA FÚTBOL SALA	G27247667	Nominativa	GASTOS TEMPADA EQUIPO FEMENINO	3410.48900	30.000,00€	Presidencia

Lugo, 6 de xullo de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón. O secretario, José Antonio Mourelle Cillero.

R. 1840

ÁREA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E SOCIAL. SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO

Anuncio

RELACIÓN DE SUBVENCÍONS DIRECTAS (NOMINATIVAS) TRAMITADAS POLA SECCIÓN DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E EMPREGO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO CORRESPONDENTES AO SEGUNDO TRIMESTRE DO 2026.

De acordo co establecido no artigo 8.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), a xestión das subvencións rexerese, entre outros, polos principios de publicidade e transparencia.

En cumprimento do disposto no artigo 30 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS, e no artigo 11.2 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación Provincial de Lugo (publicada no BOP nº 82, do 13 de abril de 2021), dáse publicidade ás subvencións directas tramitadas pola Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social e Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento) da Deputación Provincial de Lugo no segundo trimestre do ano 2026:

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Promoción Económica e Social)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Col Of de Graduados Sociales de Lugo	Q2769011D	Nominativa	Servizo de asistencia laboral a persoas sen recursos económicos	2410.48900	25.000,00€	Presidencia
Federación Galega de Comercio	G27170158	Nominativa	Oficina técnica de información e asesoramento ao comercio de Lugo	4330.48900	40.000,00€	Presidencia
Fundacion Luis Tilve	G15169949	Nominativa	Traballos de investigación sobre o movemento obreiro e a súa repercusión na provincia de Lugo e en Galicia	4330.48900	25.000,00€	Presidencia
Asoc de Criadores de la Raza Porcina Celta	G27243500	Nominativa	Plan de fomento da produtividade , competitividade e rendibilidade nas granxas de porco celta	4330.48900	39.000,00€	Presidencia
Seragro S. Coop. Galega	F15771793	Nominativa	Xornadas de vacún de leite	4330.48900	12.000,00€	Presidencia
Union Leiteira Galega (ULEGA)	G70303219	Nominativa	Asesoramento técnico/xurídico a produtores de leite	4330.48900	60.000,00 €	Presidencia
Asoc Sociedad Gastronomica y Cultural o Tizón (en Constitución)	G27510213	Nominativa	Actividades de promoción de produtos autóctonos	4330.48900	2.000,00 €	Presidencia
Asoc de Mujeres Empresarias de la Provincia de Lugo	G27105220	Nominativa	Gastos de actividades e funcionamento	4330.48900	40.000,00 €	Presidencia
Confederación Empresarial de la Provincia de Lugo	G27019793	Nominativa	Gastos de funcionamento	4330.48900	40.000,00 €	Presidencia
Ilustre Colegio de Abogados de Lugo	Q27630021	Nominativa	Servizo de orientación e asistencia xurídica penitenciaria (SOAJP)	2410.48900	12.000,00 €	Presidencia
Asoc Sectorial Forestal Galega (ASEFOGA)	G15560576	Nominativa	Cultivo sostible de froitos do bosque	4330.48900	40.000,00 €	Presidencia
Asoc. Profesional Gandeiros de Lugo	G27310044	Nominativa	Servizo de asesoramento sobre pastoreo tradicional	2410.48900	55.000,00 €	Presidencia

Sección de Promoción Económica e Emprego (Área de Formación, Ensino e Economía do Coñecemento)

Entidade Beneficiaria	NIF	Tipo de Subvención	Finalidade	Aplicación	Importe	Órgano de Aprobación
Academia de Ciencias Veterinarias de Galicia	Q1500303A	Nominativa	Actividades da Fundación	4630.48900	5.000,00 €	Presidencia
Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Nominativa	Actividades de investigación tecnolóxica e a difusión delas. Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía do Campus de Lugo (CITT)	4630.48900	9.500,00 €	Presidencia

Real Academia Galega de Ciencias	Q1568010A	Nominativa	Subvención actividades	4630.48900	5.000,00 €	Presidencia
Universidade de Santiago de Compostela	Q1518001A	Nominativa	Convenio Interadministrativo USC	3261.48900	370.500,00 €	Presidencia

Lugo, 6 de xullo de 2026.- A presidenta, P.D. Decreto de data 14-01-2026, o deputado provincial, Pablo Rivera Capón.

R. 1841

CONCELLOS

BALEIRA

Anuncio

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos (na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito), para a execución das actuación contempladas nas memorias de Alcaldía incorporadas ó expediente 9/2026, financiados con cargo a maiores ingresos e ó remanente líquido de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal para o exercicio 2026, segundo acordo adoptado na sesión plenaria extraordinaria do 03 de xuño do 2026, polo importe total de 60.710,06 euros, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

Capítulo I. Gastos de persoal	1.045.853,36 euros
Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos	414.869,55 euros
Capítulo III. Gastos financeiros	4.400,00 euros
Capítulo IV. Transferencias correntes	203.606,22 euros
Capítulo VI. Inversións reais	501.749,44 euros
TOTAL	2.170.478,57 euros

Contra o devandito acordo, en virtude do disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 02 de abril, Reguladora das bases de réxime local, e no artigo 171 do Real decreto legislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que establecen as normas de dita xurisdicción. O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baleira, 7 de xullo de 2026.- O alcalde, Ángel Enrique Martínez-Puga López.

R. 1842

BECERREÁ

Anuncio

EDICTO DE EXPOSICIÓN AO PÚBLICO

Por Decreto da Alcaldía de data 30/06/2026, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño de 2026 da taxa pola prestación do servizo de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presentalas reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

ANUNCIO DE COBRANZA

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/09/2026. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iníciase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 1808

LUGO*Anuncio***DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 25 de maio de 2026, adoptou entre outros o acordo 7/209, polo que se acorda delegar as competencias no tenente de alcaldesa delegado da Área de Cultura, Educación, Deportes, Infancia e Xuventude para a adopción dos actos de trámite e resolutivos dos expedientes administrativos de contratación, de convenios de colaboración e autorización de dominio público para a celebración do ARDE LUCUS e SAN FROILÁN 2026; así como os que sexan necesarios adoptar durante a execución dos ditos contratos, convenios e autorizacións.

Por todo o cal e con base ao sinalado no artigo 9 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia de Lugo para xereal coñecemento.

Lugo, 7 de xullo de 2026.- A tenente de alcaldesa delegada da Área de Economía, Participación, Servizos á Veciñanza e Benestar Animal, María del Mar Carballas Piñeiro.

R. 1843

MONTERROSO*Anuncio*

Por Resolución de Alcaldía de 2 de xullo de 2026, número 2026-0733, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro e depuración, lixo e Canon de auga da Xunta, correspondentes ao 2º trimestre do exercicio 2026, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario desde o día 18 de xuño ó 27 de agosto de 2026.

Contra o acto de aprobación do padrón e das liquidacións de tributos municipais incorporadas a éste, poderase formular recurso de reposición ante este órgano, no prazo de un mes contado dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente. Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas co municipio serán esixidas polo procedemento de constrinximento co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A falta de pagamento do Canon da Auga da Xunta no período voluntario sinalado suporá a esixencia do mesmo directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia. A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa

ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes dende esta notificación.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Monterroso, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, Eloy Pérez Sindín.

R. 1809

MURAS

Anuncio

Exposición pública conta xeral 2025

Formulada e rendida a conta xeral do orzamento deste Concello correspondente ao exercicio 2025 e informada favorablemente pola Comisión Especial de Contas en sesión do día 30 de xuño de 2026 expónse ao público, cos documentos que a xustifican, no portal de transparencia da sede electrónica do Concello de Muras (<https://muras.sedelectronica.gal>) polo prazo de 15 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia, co obxecto de que os interesados lexítimos poidan examinala e formular por escrito as reclamacións, reparos e observacións que estimen pertinentes, durante dito prazo de exposición, de conformidade co disposto nos artigos 116 da Lei 7/19 85, do 2 de abril, e o artigo 212.3 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

Muras, 1 de xullo de 2026.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo.

R. 1810

Anuncio

Expediente núm.: 567/2026

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Delegacións e Avocaciones de Competencias

Asunto do Expediente: Delegación de competencias por ausencia da Alcaldía do 3 ao 10 de xullo de 2026

MANUEL REQUEIJO ARNEJO, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE MURAS (LUGO)

Tendo previsto este Alcalde Presidente ausentarse da Alcaldía desde o 3 ata o 10 de xullo de 2026, ambos inclusive.

Considerando que corresponde aos tenentes de alcalde, en canto a tales, substituír nas funcións e pola orde de nomeamento ao Alcalde, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento a este para o exercicio das súas atribucións.

En virtude dos artigos 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e artigos 44 e 47 do ROF

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO.- DELEGAR na primeira Tenente de Alcalde dona Paula Gómez Souto a totalidade das funcións da Alcaldía desde o 3 ata o 10 de xullo de 2026, ambos inclusive.

SEGUNDO.- Comuníquese en forma legal á interesada.

TERCEIRO.- Da presente resolución darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que este celebre, notificárase persoalmente á interesada, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó da data da mesma.

Dilixencia de Secretaría

No exercicio das funcións de fe pública que me atribúe o artigo 3.2.e) do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, poño esta dilixencia para facer constar que a presente resolución foi incluída no Libro Oficial de Resolucións deste Concello na data da miña sinatura. Esta dilixencia non presupón informe xurídico favorable ou desfavorable do seu contido.

Muras, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, Manuel Requeijo Arnejo. A secretaria interventora, Silvia Lamelas Soto.

R. 1811

O PÁRAMO

Anuncio

Modificación de crédito. Suplemento de crédito

Benjamín García Toirán, Alcalde do Concello do Páramo, no exercicio das competencias que me atribúo o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, fago saber:

Na sesión plenaria extraordinaria de data de 28 de maio de 2026, acordouse aprobar inicialmente expediente de modificación de créditos do Orzamento en vigor, na modalidade de suplemento de créditos, financiado con cargo ao remanente líquido de Tesouraría.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o día 5 de xuño de 2026, iniciouse un período de información pública polo prazo de quince días.

Rematado o período de información pública e constatado que non se presentou alegación algunha, procede considerar definitivamente aprobado a seguinte modificación de crédito:

Suplementos en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Suplemento de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
453	619	Actuaciones de carácter económico. Carreteras. Reposición de infraestructuras y bienes de uso general.	482.414,56	178.722,61	661.137,17
		TOTAL	482.414,56	178.722,61	661.137,17

Esta modificación finánciase con cargo ao remanente de Tesouraría do exercicio anterior, nos seguintes termos:

Suplementos en Conceptos de Ingresos

Aplicación: económica			Descrición	Euros
Cap.	Art.	Conc.		
8	870.	00	Remanente de tesorería para gastos generales	178.722,61
TOTAL INGRESOS				178.722,61

Contra o presente Acordo, conforme ao artigo 171.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderase interpor recurso contencioso-administrativo, ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no prazo de dous meses a contar desde o día da publicación do presente anuncio, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Sen prexuízo diso, a tenor do establecido no artigo 171.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou Acordo impugnado.

O Páramo, 30 de xuño de 2026.- O alcalde, Benjamín García Toirán.

R. 1844

RIBADEO

Anuncio

OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2026.

Por medio do Decreto 2026-0891 de Alcaldía, aprobouse a Oferta de Emprego Público do ano 2026 do Concello de Ribadeo, o día 10 de xuño de 2026 co seguinte detalle:

OFERTA EMPREGO PÚBLICO 2026.**PLAZAS A INCLUIR NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DE 2026****PERSONAL FUNCIONARIO: Administración especial**

Código RPT	Número de prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo. Sistema provisión
0302/U*	1	Aparellador/ Arquitecto Técnico*	Admón Especial	Subescala Técnica	Técnico Medio	A2 Oposición

*Baixa producida no primeiro semestre de 2026, desconta da taxa de reposición de 2027.

PERSONAL FUNCIONARIO: Policía Local e Servizo de Extinción de Incendios

Código RPT	Número de prazas	Denominación	Escala	Subescala	Clase	Grupo. Sistema provisión
0201/U	1	Aparellador/ Arquitecto Técnico*	Admón Especial	Subescala Técnica	Policía Local	A2 Mobilidade

PERSONAL LABORAL

Código RPT	Dotación	Denominación	Grupo/Nivel equiparación funcionarios	Clase/escala	Sistema provisión
1022/2	1	Oficial Obras	C2	Departamento de Obras	Ordinario
0407/U	1	Avogada CIM	A1	Servizos Sociais	Ordinario
1031/U	1	Conductor Pala	C2	Departamento de Obras	Ordinario
1021/1*	1	Oficial Encargado Obras*	C2	Departamento de Obras	Ordinario

*Baixa producida no primeiro semestre de 2026, desconta da taxa de reposición de 2027.

De conformidade co que dispón o artigo 20 da vixente Lei de orzamentos, o prazo máximo para a convocatoria das prazas será o de tres anos a contar dende a data da publicación da oferta de emprego. Este prazo inclúe a convocatoria e a resolución dos procesos selectivos derivados da mesma de conformidade coa STS 3549/2025 da Sala Contencioso-Administrativa.

De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

Ribadeo, 10 de xuño de 2026.- O alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 1812

SAMOS*Anuncio*

Aprobados pola Xunta de Goberno de data 05.06.2026, os padróns municipais dos Prezos Públicos polo servizo de axuda no fogar e polo servizo vivendas comunitarias/apartamento tutelado, correspondentes a **XUÑO/2026**, expóñense ao público polo prazo de 15 días contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no B.O.P., rematado este prazo sen presentarse reclamacións, entenderanse definitivamente aprobados.

O cobro dos mesmos realizarase mediante ingreso dos contribuíntes na conta do Concello en ABANCA.

Fíxanse como período de cobro en voluntaria:

*Do Prezo Público polo servizo de axuda no fogar con carácter posterior á prestación do servizo é carácter específico, durante os vinte primeiros días do mes seguinte.

*Do Prezo Público polo servizo de vivendas comunitarias e apartamento tutelado o prazo de cinco días, dende o seguinte a exposición deste anuncio no BOP.

Este anuncio ten carácter de notificación colectiva ó amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria. Durante o devandito prazo os interesados poderán examinar e formular contra os actos que se notifican ante a Xunta de Goberno Local deste Concello, recurso de reposición previo ao contencioso administrativo, no prazo dun mes a contar dende a exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formulen poderá interperse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Transcurrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de apremio a través do servizo provincial de recaudación.

Samos, 2 de xullo de 2026.- A alcaldesa-presidenta, D.^a María Jesús López López.

R. 1813

O SAVIÑAO

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Por Resolución de Alcaldía num. 2026/0253, de data 1 de xullo de 2026, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo de Axuda no Fogar correspondentes ao mes de maio de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias de Servizos Sociais do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, art. 22 da ordenanza reguladora municipal do SAF e art. 5 da ordenanza do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 1 xullo de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1814

Anuncio

NOTIFICACIÓN COLECTIVA DE DÉBEDAS TRIBUTARIAS DE VENCEMENTO PERIÓDICO PADRÓN DO SERVIZO DA ESCOLA INFANTIL

Por Resolución de Alcaldía num. 2026/0254, de data 1 de xullo de 2026, prestouse aprobación ao Padrón do prezo público pola prestación do Servizo da Escola Infantil do Saviñao correspondentes ao mes de xuño de 2026, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación no BOP de Lugo, ao obxecto de que poida ser consultado polos/as interesados/as nas dependencias do Concello, de xeito que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos conforme ao disposto na normativa tributaria.

Contra as liquidacións provisionais anteriores, poderase interpoñer recurso de reposición perante o órgano competente do Concello no prazo dun mes, a contar dende o día seguinte o de finalización do prazo de exposición, ou calquera outro que se estime oportuno. Todo iso, en virtude do establecido no art. 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais.

O cobramento dos correspondentes recibos realizarase de conformidade ao establecido no arts. 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por RD 939/2005, do 29 de xullo, Regulamento de organización e funcionamento da Escola Infantil Municipal do Saviñao, art. 3 da ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de dito servizo.

Para o cobramento dos mesmos, os contribuíntes teñen domiciliados os recibos, estes seranlles adebedados nas contas bancarias respectivas. Fíxase como período voluntario de cobramento o prazo de dous meses dende o día seguinte a publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia

Infórmase de que as débedas derivadas da falta de pago do prezo público serán esixidas de conformidade co disposto na lexislación tributaria polo procedemento administrativo de constrinximento.

O Saviñao, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 1815

Anuncio

Expediente 1080/2024

Procedemento: SELECCION DE 2 PRAZAS AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A CONCELLO O SAVIÑAO OEP 2024

D. JUAN CARLOS ARMESTO QUIROGA, ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE O SAVIÑAO, EN USO DAS FACULTADES QUE ME ATRIBÚE A LEXISLACIÓN VIXENTE

Visto que mediante Decreto de Alcaldía de data 21/08/2024, se aprobaron as bases reguladoras e a convocatoria do proceso selectivo para dúas (2) prazas de auxiliar administrativo/a que figuran como vacantes e que foron obxecto de inclusión para quenda libre, na Oferta de Emprego Público correspondente ao exercicio 2024, aprobada por Resolución de Alcaldía 2024-0095, de data 03/04/2024, e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo núm. 083, de data 10/04/2024 do concello de O Saviñao cuxas características son:

Grupo	C
Subgrupo	C2
Escala	Administración Xeral
Subescala	Auxiliar
Nivel de complemento de destino	16
Denominación	Auxiliar Administrativo
Núm. de vacantes	2
Sistema de selección	Oposición libre
Xornada	Completa

Visto que, con data 04/09/2024, se publicou no B.O.P. de Lugo o anuncio de convocatoria e Bases do proceso de selección referido, abríndose un prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”, para a presentación de instancias e demais documentación sinalada nas Bases que rexen a convocatoria.

Visto que, con data 07/10/2024 se publicou no Diario Oficial de Galicia o anuncio de convocatoria e Bases do proceso de selección referido, abríndose un prazo de vinte (20) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do extracto do anuncio da convocatoria no “Boletín Oficial del Estado”, para a presentación de instancias e demais documentación sinalada nas Bases que rexen a convocatoria.

Visto que, con data 03/10/2024 se publicou no Boletín Oficial del Estado nº 239 o anuncio de convocatoria e Bases do proceso de selección referido, abríndose un prazo de vinte (20) días hábiles, para a presentación de instancias e demais documentación sinalada nas Bases que rexen a convocatoria.

Vistas as solicitudes achegadas durante o prazo de presentación.

Visto que por Resolución de Alcaldía de data 13 de novembro de 2024 se aprobou a lista provisional de admitidos/excluídos.

Visto que a lista provisional de admitidos e excluídos foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 265 do 16 do 11 de 2024, iniciándose un prazo de 10 días hábiles para formular alegacións.

Vista a Resolución de Alcaldía de data 23 de febreiro de 2026 se aprobou a lista definitiva de admitidos e excluídos e se fixou a data de celebración do primeiro exercicio.

Visto que a lista definitiva de admitidos e excluídos foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 46 de data 26 de febreiro de 2026.

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 20 de marzo de 2026 pola que se procede á valoración do primeiro exercicio, comezando o prazo para efectuar alegacións.

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 28 de abril de 2026 pola que se resolven as alegacións formuladas ao primeiro exercicio e se fixa a data de celebración do segundo exercicio.

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 20 de maio de 2026 pola que se procede á valoración do segundo exercicio, comezando o prazo para efectuar alegacións.

Vista a acta do Tribunal Cualificador de data 2 de xuño de 2026 pola que se resolven as alegacións presentadas e se aproba o listado de cualificacións definitivas.

Visto que por Resolución de Alcaldía número 2026-0223, aprobouse a lista de persoas que superaron o proceso selectivo, de acordo co seguinte:

ASPIRANTE	DNI
Don Francisco Javier Figueiras Figueroa	***6095**
Dona Rita María Pérez García	***8958**

Visto que a antedita Resolución aprobou a seguinte listaxe de reserva:

ASPIRANTE	DNI
Dona Paloma Arias Doamo	***6747**
Dona Silvia Castro Blanco	***8534**

Visto que dita Resolución foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 133, de data 12/06/2026, comezando o prazo de 20 días hábiles para a presentación da documentación prevista na Base 9.2 das que rexen a convocatoria.

Visto que con data 17/06/2026, (R.e. número 370) Don Francisco Javier Figueiras Figueroa presentou a renuncia a ser nomeado como funcionario de carreira (auxiliar administrativo) do Concello de O Saviñao.

Visto que por Resolución de Alcaldía número 2026-0238 de data 19/06/2026, se aceptou a renuncia formulada por Don Francisco Javier Figueiras Figueroa e se procedeu, de conformidade co disposto na Base 9.1 das que rexen a convocatoria, a requirir a Dona Paloma Arias Doamo, con DNI ***6747** a presentación da documentación prevista na Base 9.2.

Visto que Dona Rita María Pérez García e Dona Paloma Arias Doamo presentaron a documentación requirida en prazo.

Visto o disposto na Base 9.3, de acordo coa cal finalizado o proceso selectivo e examinada a documentación aportada, procederase ao nomeamento como funcionarios/as de carreira Grupo C/ Subgrupo C2 (auxiliar administrativo), ás persoas propostas polo Tribunal, publicándose o nomeamento no Boletín Oficial da Provincia.

Exposto canto antecede e no exercicio das competencias que a lexislación vixente lle atribúe a esta Alcaldía

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear como Funcionaria de Carreira do Concello de O Saviñao, Grupo C, Subgrupo C2, auxiliar administrativo a Dona Rita María Pérez García, con DNI 53.489.588Y

SEGUNDO.- Nomear como Funcionaria de Carreira do Concello de O Saviñao, Grupo C, Subgrupo C2, auxiliar administrativo a Dona Paloma Arias Doamo, con DNI 34.267.477F.

TERCEIRO.- Notificar a presente Resolución a Dona Rita María Pérez García, DNI ***8958** e a Dona Paloma Arias Doamo, con DNI ***6747** con indicación dos recursos procedentes e de que de conformidade coa Base 9.4, deberán tomar posesión no prazo de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación ou publicación do nomeamento.

CUARTO.- Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, no Taboleiro de Anuncios e no Portal de Transparencia do Concello.

O Saviñao, 29 de xuño de 2026.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga. A secretaria-interventora, María Yebra-Pimentel López.

R. 1816

TABOADA

Anuncio

EXPOSICIÓN PÚBLICA DO PADRÓN FISCAL E DO PERÍODO EN VOLUNTARIA DA COBRANZA DA TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE “ABASTECIMENTO DE AUGA, ACOMETIDAS E TRASPASOS DE TITULARIDADE” E DE “SUMIDOIROS” CORRESPONDENTES AO 2º e 3º TRIMESTRE DO 2025.

O Padrón fiscal da taxa de prestación do servizo “Abastecemento de auga, acometidas e traspasos de titularidade” e de “Sumidoiros” correspondentes ao **2º e 3º trimestre do 2025**, foi aprobado por Resolución de Alcaldía de data a **2 de xullo de 2026**.

Os mencionados padróns expoñense ao público nas oficinas da Casa do Concello polo prazo de 15 días, contado dende o seguinte ao da publicación no BOP do presente anuncio, para os efectos de que os interesados poidan examinalo e, no seu caso, formular as reclamacións oportunas (o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, que recolle o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo dun mes, contado dende o seguinte ao da finalización do período de exposición pública do mencionado padrón fiscal.

Contra a resolución recaída no recurso de reposición poderase interpoñer, diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo competente o recurso Contencioso-Administrativo no prazo de dous meses, contados dende o día seguinte ao da notificación a dita resolución.

Se non recaera resolución no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da presentación do recurso de reposición, en virtude do previsto no mencionado artigo 14.2 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, produciranse os efectos xurídicos establecidos nos artigos 24 e 25 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas. Non obstante, se se considera conveniente, poderase empregar e exercitar calquera outro recurso.

A publicación no BOP do presente anuncio ten o carácter de notificación colectiva ao amparo do previsto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

O período de cobranza en voluntaria será o comprendido:

Padrón 2º trimestre de 2025 dende o día **15 de xullo ao 15 de setembro de 2026** ambos os dous incluídos.

Padrón 3º trimestre de 2025 dende o día **15 de agosto ao 15 de outubro de 2026** ambos os dous incluídos

Os contribuíntes poderán efectuar o pagamento da débeda tributaria do seguinte xeito:

- a) Na entidade colaboradora Abanca, presentando o correspondente recibo.
- b) Os recibos domiciliados polos contribuíntes serán cargados directamente polas respectivas entidades bancarias.

Unha vez rematado o prazo de pagamento en voluntaria sinalado, os débitos non satisfeitos entrarán no período executivo, de acordo co establecido no artigo 161 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, percibíndose a recarga e xuros de demora establecidos nos artigos 26 e 28 da referida norma. Advírtese que a falta de pago do canon da auga en período voluntario en cumprimento do DECRETO 136/2012, do 31 de maio, polo que se aproba o Regulamento do canon da auga e do coeficiente de vertedura a sistemas públicos de depuración de augas residuais, supoñerá a esixencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de présa pola consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e, así mesmo, deberá indicarse que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo dun mes desde que se entenda producida a notificación.

Taboada, 2 de xullo de 2026.- O alcalde, Roi Rigueira Agromartín.

R. 1817

VILALBA

Anuncio

Procedemento: Convocatoria e selección de persoal laboral temporal

Número de expediente: 2710/2026

Bases polas que se establecen as normas para a selección de (5) Peóns Forestais (coa creación de listaxe de agarda), ao abeiro das actuacións no Paseo Fluvial e Área Recreativa con cargo á Convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental 2026.

Por acordo da Xunta de Goberno local de data do 6 de xullo do 2026 aprobáronse as bases para a convocatoria e selección de (5) Peóns Forestais (coa creación de listaxe de agarda), ao abeiro das actuacións no Paseo Fluvial e Área Recreativa con cargo á Convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental 2026., cuxo tenor literal é o que segue:

CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

OBXECTO DAS BASES	Selección de (5) Peóns Forestais de xardinería e creación de listaxe de agarda.		
RELACIÓN XURÍDICA	Laboral Temporal		
XORNADA E DURACIÓN LA RELACIÓN XURÍDICA	Cada contratación terá unha duración de 3 meses, debendo finalizar antes do 31 de outubro do 2026 (data finalización da bolsa).		
CARACTERÍSTICAS DA PRAZA	Denominación da praza		
	(5) Peóns Forestais de xardinería		
	Grupo e escala de encadramento		
	Grupo V ou agrupacións profesionais		
RETRIBUCIÓN	Soldo	Rateo pagas extraordinarias	Total
	1.498,34 €	249,72 €	1.805,53 €

1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO E SISTEMA DA CONVOCATORIA A modalidade do contrato é a de eventual por circunstancias da produción, regulada polo artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é temporal e a duración será de 3 meses a partir da súa formulación e en réxime de dedicación a tempo completo (37,5 horas semanais).

A xornada será completa nos termos do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vilalba - BOP 31/12/2018. O horario de traballo será por quendas de mañá e tarde, establecéndose quendas rotatorias cada semana, segundo o seguinte horario:

Quendas de mañá: De 7:45 a 15 horas.

Quendas de tarde: De 14 a 21:15 horas.

O sistema de acceso será o de Concurso-Oposición Libre.

Funcións dos postos de traballo de peón forestal xardineiro: traballar xunto cos oficiais xardineiros, asistindo nas tarefas, realizar tarefas de desbroce, sega de céspede, recollida de ramas, restos de desbroce, e outros residuos, varrer, rastrelar, arrancar malas herbas manualmente, cavar, recoller as ferramentas e controlar o estado das mesmas, mantemento básico do mobiliario urbano das zonas de actuación, e calquera outra función que se lles poida encomendar de acordo coa categoría laboral.

Os aspirantes deberán manifestar na solicitud que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público;

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas;

c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;

- d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para a formalización do correspondente contrato laboral, logo da superación das probas selectivas, debe cumprir no momento da sinatura do mesmo, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como **Anexo I** destas bases e que tamén se facilitará no Concello. A presentación de instancias comportará a aceptación pola persoa interesada das bases da convocatoria.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será **de cinco (5) días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados presentarse conforme se establece na base 4.5.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes; unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Por tanto, calquera modificación da solicitude deberá realizarse dentro do prazo de **cinco (5) días naturais** para a presentación de solicitude. Finalizado devandito prazo, non se admitirá modificación de ningún tipo.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. Dita resolución publicarase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará **a causa de exclusión e concedendo un prazo de tres (3) días naturais para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión**.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

4. DOCUMENTACIÓN QUE O ASPIRANTE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista cos interesados que: **a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases**, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

4.1) Anexo 1 das presentes bases

A instancia deberá presentarse de conformidade co modelo normalizado que acompaña coma anexo 1 as presentes bases de selección. Ningunha instancia que sexa presentada sen o modelo normalizado específico que se acompaña será admitida, de conformidade co artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.2) Fotocopia do DNI ou pasaporte

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

4.3) Permiso de conducir clase B

Non resulta preceptivo estar en posesión do permiso de condución “B”. Con todo, sendo este un mérito a baremar, en caso de que o interesado desexe que se lle teña en conta no concurso, deberá presentarse a copia cotexada do mesmo ou copia auténtica para a súa valoración.

4.4) Copia do Celga ou certificado equivalente.

Os aspirantes que non presenten unha copia do Celga ou certificado equivalente acreditativo do coñecemento da lingua galega deberán examinarse da proba de galego.

4.5) Relación de méritos alegados e documentos xustificativos dos mesmos.

Neste punto do proceso, chegará con aportar copia simple dos méritos alegados que pretende o interesado que sexan valorados pola comisión avaliadora.

4.5.1) Experiencia laboral

Para puntuar a experiencia laboral deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os servizos prestados nas administracións públicas e organismos dependente destas, acreditarase mediante certificacións de servizos prestados, expedidas polo organismo oficial no que se prestaron, especificando a praza, posto ou emprego desempeñado e o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderá acreditarse mediante contratos, tomas de posesión e/ou nóminas.

Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante contrato de traballo inscrito no SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado.

Se os servizos se prestaron neste Concello os aspirantes deberán solicitar, en instancia diferente á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite ditos servizos. A instancia irá dirixida ao Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello e presentarse no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado se así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

A documentación á que se refire os apartados precedentes que deba ser achegada polas persoas aspirantes deberá presentarse obrigatoriamente en formato PDF, non sendo admisibles, «*ex lege*», arquivos fotográficos (tales como .jpg, .jpeg, .png ou análogos), arquivos de vídeo (como .mp4, .avi, .mov ou equivalentes), nin documentos en formatos editables (incluíndo, sen carácter exhaustivo, .doc, .docx, .odt, .rtf ou calquera outro de natureza análoga).

Así mesmo, non se admitirá ningún outro formato distinto do indicado, quedando excluídos, aqueles arquivos que non garantan a integridade, inalterabilidade e adecuada lectura da documentación presentada. A presentación en formato distinto ao esixido dará lugar á non valoración da documentación achegada para os efectos do proceso selectivo.

4.5.2) Acreditación de coñecemento da lingua galega (Celga)

A documentación citada neste punto deberá acreditarse de conformidade coa a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). No caso de non acreditar o Celga 2 ou superior os aspirantes que superen o proceso terán que pasar unha proba de galego co nivel de Celga 2.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

5.1) Composición e funcionamento do Tribunal

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por 5 membros: Un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso o posto que se convoca.

A composición do Tribunal publicarase na Sede Electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vilalba, a máis tardar coa aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos.

Contra os actos do tribunal cualificador poderanse interpoñer os seguintes recursos e reclamacións:

- Contra as propostas finais dos/ as aspirantes seleccionados/ as e, en xeral, contra os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar o procedemento selectivo ou produzan indefensión e que non esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, ante a Presidencia, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou da súa publicación na Sede Electrónica. Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e iso sen prexuízo de que se poida exercitar outro que se estime pertinente.

- Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar as reclamacións e formular as alegacións que estimen pertinentes ante o Tribunal no **prazo de tres (3) días** a contar desde o seguinte á data de publicación.

5.2) Asistencia técnica ao Tribunal

O Tribunal poderá dispoñer da posibilidade incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

6. COÑECEMENTO DO GALEGO

O artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu tenor literal o que segue: *“...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”*

Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que estean en posesión do título **Celga 2** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, dacordo con a disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146, do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, ou norma que a substitúa.

As persoas non exentas realizarán esta proba que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e doutro texto do galego ao castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima de **trinta (30) minutos**.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o resultado de apto/a.

Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio, e realizarase na última fase do proceso, soamente entre aqueles aspirantes que houberan superado a totalidade das probas selectivas.

7. FASES DO PROCESO SELECTIVO – A) OPOSICIÓN

Debido ó carácter urxente e a necesidade da selección rápida de empregados, os exercicios desta fase realizaranse nun único chamamento e de forma continuada o un do outro.

A fase de oposición terá unha puntuación máxima de **20 puntos**, e consistirá nas seguintes probas:

7.1) Proba práctica que versará sobre as materias comprendidas no Anexo II.

De carácter práctico, consistirá na realización dunha proba práctica sobre calquera dos traballos a realizar. O tempo máximo destinado a esta parte da proba será de 15 minutos por cada aspirante. A proba será proposta polo Tribunal inmediatamente antes do comezo do exercicio e versará sobre os contidos das materias comprendidas no temario que se adxunta a esta convocatoria. Esta parte será cualificada de **0 a 20 puntos**, sendo necesario alcanzar un mínimo de **10 puntos** para superala. A puntuación calcularase de acordo cos seguintes criterios: Destreza na proba, medidas de seguridade adoptadas para o traballo, e rendemento na execución da mesma.

Finalizada a fase I de oposición o Tribunal Cualificador fará pública o resultado das cualificacións dos aspirantes da fase I de oposición. Coa consideración de apto e non apto.

7.2) Proba de Galego

En cumprimento do sinalado a proba de galego consistirá na tradución nun tempo máximo de 30 minutos dun texto de castelán para galego ou de galego para castelán. Para superar a proba é necesario obter o resultado de apto. Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio. Unicamente poderán realizar este exercicio os que superasen o primeiro da fase de oposición.

Estarán exentos da realización da proba de galego os aspirantes que acrediten posuír os certificados Celga, ou ben títulos equivalentes.

8. FASES DO PROCESO SELECTIVO – B) CONCURSO

A fase de concurso terá unha puntuación **máxima de 10 puntos**. Valorarase en atención ó seguinte:

8.1) Experiencia profesional (máximo 8 puntos):

8.1.1. Por servizos prestados na Administración Local como peón de xardinería, peón agrícola, peón forestal ou equivalente nos últimos 15 anos: **0,044 puntos por mes** completo de servizos.

8.1.2. Por servizos prestados noutras Administracións Públicas como peón de xardinería, peón agrícola, peón forestal ou equivalente nos últimos 15 anos: **0,040 puntos por mes** completo de servizos.

8.1.3. Por servizos prestados como autónomo nos epígrafes 911 e/ou no 912 do IAE, nos últimos 15 anos: **0,037 puntos por mes** completo de servizos.

8.1.4. Por servizos prestados en empresas como peón de xardinería, peón agrícola, peón forestal ou equivalente nos últimos 15 anos: **0,035 puntos por mes** completo de servizos.

Os extremos anteriores acreditaranse mediante certificación expedida polo Organismo oficial no que se prestaron os servizos co detalle dos mesmos e as datas de inicio e fin da relación funcional e/ou laboral ou fotocopia compulsada da resolución de nomeamento, acta de toma de posesión ou contrato de traballo aos que se acompañará en todo caso informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social. Este último requisito non poderá ser enmendado. Para acreditar o traballo como autónomo deberá aportarse vida laboral onde se acredite o tempo traballado e o epígrafe correspondente, que de non figurar na vida laboral terá que aportar a alta de facenda ou un certificado de Facenda no que figuren algún dos mencionados epígrafes. A puntuación reducirase proporcionalmente en caso de servizos prestados a tempo parcial. Non se computarán servizos prestados por tempo inferior a un mes logo da suma de todo o período de traballo valorado en cada un dos apartados e os meses consideraranse de 30 días naturais.

8.2) permiso de conducción B (2 puntos):

No presente mérito, valorarase estar en posesión do permiso de conducción en vigor da clase B. O carácter de permiso en “vigor” será analizado en congruencia no disposto no artigo 12 do Real Decreto 818/2009, do 8 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Condutores.

9. CUALIFICACIÓN FINAL

A cualificación final das probas virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, establecendo para estes efectos a orde definitiva de aspirantes seleccionados.

No suposto de empate nas puntuacións, o desempate resolverase de conformidade co indicado no punto onceavo das presentes bases.

10. PROPOSTA DE SELECCIÓN E XERACIÓN DE LISTAXE DE AGARDA

10.1) Proposta de selección

O Presidente do Tribunal, á vista da lista de aspirantes seleccionados, formulará proposta de selección ante a Alcaldía - Presidencia. Dita proposta publicarase na Sede Electrónica e no Taboleiro de Edictos do Concello.

10.2) Listaxe de agarda

Cos aspirantes que fosen APTOS na fase de oposición e non fosen propostos para a súa contratación, xerarase unha lista de agarda vixente até o 24/10/2025. Esta listaxe conformarase por estrita orde de puntuación dos aspirantes. Haberá unha listaxe para cada categoría de postos convocada, é dicir, unha lista de agarda para o posto de oficial xardineiro e outra para o posto de peón xardineiro-forestal.

Os chamamentos realizaranse por teléfono e/ou correo electrónico sempre que fose necesario cubrir vacantes. Se algún aspirante rexeita o chamamento pasará ó final da lista.

11. EMPATES

Os casos de empate que se produzan dirimiranse da seguinte maneira: atenderase, en primeiro lugar, á maior puntuación obtida no apartado de “oposición”.

Por último, se continúa o empate, dirimirase finalmente por orde alfabética de apelidos dos membros da bolsa empatados e iniciarase por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra «U», atendendo ao disposto na Resolución do 28 de xullo de 2025, da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o resultado do sorteo a que refírese o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado, publicada no BOE número 184, de 1 de agosto de 2025.

12. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os aspirantes propostos presentarán no Rexistro Electrónico do Concello, ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a seguinte documentación:

- a) Fotocopia do DNI e do carné de conducir clase B, que se deberán presentar acompañados dos orixinais para a súa compulsa;
- b) Certificado Médico Oficial acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto;
- c) Declaración xurada de non ter sido separado do servizo das Administracións Públicas e non estar incurso nalgunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade determinadas na lexislación vixente;
- d) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) do título esixido ou Certificación académica dos estudos realizados;
- e) Copia autenticada ou fotocopia (que se deberá presentar acompañada do orixinal para a súa compulsa) dos méritos alegados, e achegados durante o proceso en copia simple;
- f) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social e número de conta bancaria;

O prazo de presentación será **de cinco (5) días hábiles contados** a partir do día seguinte á publicación do primeiro chamamento na Sede Electrónica da Corporación ou da notificación cursada a tal efecto, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas debidamente acreditadas de forza maior.

Se dentro do prazo expresado, e salvo causas de forza maior debidamente acreditadas, os aspirantes propostos polo Tribunal non presentasen a documentación, ou do exame da mesma, deducíse que carecen dalgún dos requisitos esixidos nas Bases, renuncien, ou o resultado do recoñecemento médico fose “non apto” non poderán ser nomeados/contratados para ocupar as prazas obxecto das correspondentes convocatorias e quedarán anuladas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na instancia inicial; e realizarase unha nova proposta de nomeamento a favor da seguintes persoa aspirante da relación proposta polo Tribunal cualificador das probas e méritos.

13. RESOLUCIÓN E SINATURA DO CONTRATO

Á vista da proposta do Tribunal, e constatado que os aspirantes acreditaron os requisitos posesorios correspondentes dentro outorgado no primeiro chamamento de conformidade co indicado no punto 12 das presentes bases, procederase á resolución definitiva do proceso, mediante a cal efectuarase o nomeamento das persoas que superaron o proceso selectivo, a cal corresponderá ao órgano que, dacordo coa lexislación de réxime local, ostente a xefatura directa do persoal.

As persoas aspirantes deberán posuír, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes, e manter ata o momento da formalización da contratación coma personal laboral, os requisitos esixidos.

14. DEREITO SUPLETORIO E XURISDICCIÓN

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, estándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación destes.

Esta convocatoria e as súas bases vinculan á Administración, ao tribunal encargado de xulgar o proceso e ás persoas que nel participen.

Así mesmo, cuantos actos administrativos sexan producidos polo tribunal, pola autoridade convocante ou o órgano encargado da xestión poderán ser impugnados polos interesados da acordo con o establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

15. RECURSOS

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pode interpor, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo ante o órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes a contar desde o día seguinte á publicación no Boletín da Convocatoria, de conformidade cos artigos 123 e 124 LPAC, ou ben interpor directamente recurso Contencioso-Administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa), no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei da xurisdición Contencioso-Administrativa.

Si optáse por interpor o recurso de reposición potestativo, non poderá interpor recurso Contencioso-Administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se producira a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpor vostede calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

O que se fai público para xeral coñecemento.

ANEXO I - SOLICITUDE DO INTERESADO

A persoa interesada deberá presentar a instancia achegada na sede electrónica da Corporación municipal, conceptualizada coma “Seleccións de Persoal e Provisións de Postos”. A referida instancia tamén poderá se encontrada no epígrafe de recursos humanos, dentro dos trámites dispostos na sede electrónica da Corporación municipal.

ANEXO II - PROGRAMA DE MATERIAS PARA A SELECCIÓN DE (5) PEÓNS FORESTAIS E CREACIÓN DE LISTAXE DE AGARDA

Tema 1	O Concello de Vilalba: Organización municipal básica (Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local). Calxeiro e principais zonas verdes do termo municipal.
Tema 2	Prevención de riscos laborais en xardinería: Normas básicas de seguridade no traballo. Equipos de protección individual (EPIs) específicos para o posto. Manipulación manual de cargas.
Tema 3	Primeiros auxilios básicos: Actuación inicial ante emerxencias. Feridas, queimaduras, hemorraxias e cortes.
Tema 4	Ferramentas manuais e maquinaria lixeira: Identificación e uso seguro do cortacésped, desbrozadora, cortasetos e ferramentas manuais (tesoiras, aixadas, pas). Mantemento básico do usuario (limpeza, engraxado e niveis).
Tema 5	Mantemento do solo e abonado: Labores básicas de limpeza, cava e escarificado. Aplicación manual de abonos e mantemento de sementeiras.
Tema 6	Rego en xardinería: Tipos de rego manual e automático. Operacións básicas de apertura, peche e detección de fugas ou avarías sinxelas.
Tema 7	Operacións básicas de poda: Axuda nas tarefas de poda. Recollida, retirada e eliminación de restos vexetais (uso básico de biotrituradoras).
Tema 8	Tarefas auxiliares de xardinería: Plantación de árbores e arbustos. Segas de céspede. Recollida de follas, lixo e limpeza xeral de parques e xardíns

Vilalba, 6 de xullo de 2026. A alcaldesa, Marta María Rouco Seoane.

R. 1845

Anuncio

Procedemento: Convocatoria e selección de persoal laboral temporal

Número de expediente: 2709/2026

Bases polas que se establecen as normas para a selección de (2) Oficiais de Xardinería (coa creación de listaxe de agarda), ao abeiro das actuacións no Paseo Fluvial e Área Recreativa con cargo á Convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental 2026.

Por acordo da Xunta de Goberno local de data do 6 de xullo do 2026 aprobáronse as bases para a convocatoria e selección de (2) Oficiais de Xardinería (coa creación de listaxe de agarda), ao abeiro das actuacións no Paseo Fluvial e Área Recreativa con cargo á Convocatoria do Fondo de Compensación Ambiental 2026., cuxo tenor literal é o que segue:

CADRO RESUMO DAS BASES DE REXEN A CONVOCATORIA

OBXECTO DAS BASES	Selección de (2) Oficiais de xardinería e creación de listaxe de agarda.		
RELACIÓN XURÍDICA	Laboral Temporal		
XORNADA E DURACIÓN LA RELACIÓN XURÍDICA	Cada contratación terá unha duración de 3 meses, debendo finalizar antes do 31 de outubro do 2026 (data finalización da bolsa).		
CARACTERÍSTICAS DA PRAZA	Denominación da praza		
	(2) oficiais xardineiros		
	Grupo e escala de encadramento		
	Grupo IV ou subgrupo C2		
RETRIBUCIÓN	Soldo	Rateo pagas extraordinarias	Total
	1.603,41 €	267,24 €	1.932,15 €

1. OBXECTO, RÉXIME XURÍDICO E SISTEMA DA CONVOCATORIA A modalidade do contrato é a de eventual por circunstancias da produción, regulada polo artigo 15 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro.

O carácter do contrato é temporal e a duración será de 3 meses a partir da súa formulación e en réxime de dedicación a tempo completo (37,5 horas semanais).

A xornada será completa nos termos do Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Vilalba - BOP 31/12/2018. O horario de traballo será por quendas de mañá e tarde, establecéndose quendas rotatorias cada semana, segundo o seguinte horario:

Quendas de mañá: De 7:45 a 15 horas.

Quendas de tarde: De 14 a 21:15 horas.

O sistema de acceso será o de Concurso-Oposición Libre.

Funcións dos postos de traballo de oficial xardineiro: Manexo de maquinaria especializada de xardinería, tales coma cortasetos, desbrozadoras, cortacésped e maquinaria semellante, plantación de árbores, flores e rega. Tamén lles son propias as funcións encomendadas ós peóns xardineiros e forestais, que abranguen as seguintes: traballar xunto cos oficiais xardineiros, asistindo nas tarefas, realizar tarefas de desbroce, sega de céspede, recollida de ramas, restos de desbroce, e outros residuos, varrer, rastrelar, arrancar malas herbas manualmente, cavar, recoller as ferramentas e controlar o estado das mesmas, mantemento básico do mobiliario urbano das zonas de actuación, e calquera outra función que se lles poida encomendar de acordo coa categoría laboral.

Os aspirantes deberán manifestar na solicitude que, na data de remate do prazo de presentación de instancias que reúnen e poden acreditar os requisitos que sinala o artigo 50 da LEPG, en relación co artigo 56.1 do TREBEP. Os citados requisitos son os que seguen:

- a) Ter nacionalidade española ou algunha outra que, con arranxo ao disposto no artigo 52 da LEPG, permita o acceso ao emprego público;
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas, incluíndo entre elas a licenza ou permiso de condución B;
- c) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración pública ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin acharse na situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se tratase de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa fose separada ou inhabilitada;
- d) Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- e) Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- f) Para desempeñar o posto de oficial xardineiro será necesario estar en posesión do título de EXB ou ESO.

Así mesmo, o aspirante que resulte proposto para a formalización do correspondente contrato laboral, logo da superación das probas selectivas, debe cumprir no momento da sinatura do mesmo, os requisitos esixidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

O exposto implica que os aspirantes que viñeran desempeñando unha actividade pública ou privada, deberán solicitar o recoñecemento de compatibilidade unha vez que o Tribunal formalice a toma de posesión. De non ser compatible a actividade que viñeran desenvolvendo coa relación de servizo ao Concello, os aspirantes seleccionados comprométese a renunciar á mencionada actividade.

3. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Os interesados dirixirán as solicitudes, no modelo oficial que se publica como **Anexo I** destas bases e que tamén se facilitará no Concello. A presentación de instancias comportará a aceptación pola persoa interesada das bases da convocatoria.

A presentación de solicitudes farase no Rexistro Xeral Electrónico do Concello ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación será **de cinco (5) días naturais** contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria **Boletín Oficial da Provincia de Lugo**.

A solicitude de participación no proceso selectivo, deberá ser cumprimentada debidamente polos aspirantes e nela relacionarán, nos apartados correspondentes, os méritos que aleguen. Os méritos relacionados presentarse conforme se establece na base 4.6.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixesen constar nas súas solicitudes; unicamente poderán demandar a súa modificación mediante escrito motivado, dentro do prazo establecido para a presentación de solicitudes. Transcorrido este prazo, non se admitirá ningunha petición desta natureza.

Por tanto, calquera modificación da solicitude deberá realizarse dentro do prazo **de cinco (5) días naturais** para a presentación de solicitude. Finalizado devandito prazo, non se admitirá modificación de ningún tipo.

Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución na que se aprobe a lista provisional das persoas admitidas e, se é o caso, excluídas. Dita resolución publicarase na Sede Electrónica da Corporación, así como no Taboleiro de anuncios do Concello. En caso de que existan exclusións, a Corporación indicará a **causa**

de exclusión e concedendo un prazo de tres (3) día naturais para que se poidan formular reclamacións ou emendar os defectos que motiven a exclusión.

Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma na Sede Electrónica ou no taboleiro de anuncios do Concello. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante do Xulgado Contencioso Administrativo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

O feito de figurar na relación de admitidos, non prexulga que se recoñeza ás persoas participantes a posesión dos requisitos esixidos no procedemento que se convoca. Cando do contido dos documentos presentados se desprenda que non posúen algún dos requisitos decaerán de todos os seus dereitos no procedemento selectivo.

4. DOCUMENTACIÓN QUE O ASPIRANTE DEBE ACOMPAÑAR Á SOLICITUDE

Con anterioridade a realizar unha relación comprensiva da documentación que os aspirantes deben entregar de forma preceptiva na súa solicitude, é preciso indicar, a efectos dun procedemento máis garantista cos interesados que: **a solicitude debe presentarse no prazo indicado nestas Bases**, non sendo emendable e quedando excluídos definitivamente os que non presentasen a correspondente solicitude en prazo.

4.1) Anexo 1 das presentes bases

A instancia deberá presentarse de conformidade co modelo normalizado que acompaña coma anexo 1 as presentes bases de selección. Ningunha instancia que sexa presentada sen o modelo normalizado específico que se acompaña será admitida, de conformidade co artigo 66.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

4.2) Fotocopia do DNI ou pasaporte

Ademais, os aspirantes estranxeiros, deberán presentar documentos que acrediten que son nacionais da Unión Europea ou dalgún Estado ao cal, en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación á libre circulación de traballadores.

4.3) Permiso de conducir clase B

Será necesario estar en posesión do permiso de conducción "B". Deberá presentarse a copia cotexada do mesmo ou copia auténtica para a súa valoración.

4.4) Copia da titulación esixida.

Para a acreditación da titulación esixida será suficiente coa copia simple, en tanto os aspirantes seleccionados deberán presentar a copia cotexada ou orixinal, segundo o disposto no punto duodécimo das presentes bases de selección.

4.5) Copia do Celga ou certificado equivalente.

Os aspirantes que non presenten unha copia do Celga ou certificado equivalente acreditativo do coñecemento da lingua galega deberán examinarse da proba de galego.

4.6) Relación de méritos alegados e documentos xustificativos dos mesmos.

Neste punto do proceso, chegará con aportar copia simple dos méritos alegados que pretende o interesado que sexan valorados pola comisión avaliadora.

4.6.1) Experiencia laboral

Para puntuar a experiencia laboral deberá presentarse obrigatoriamente o informe de vida laboral actualizado, expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Os servizos prestados nas administracións públicas e organismos dependente destas, acreditarase mediante certificacións de servizos prestados, expedidas polo organismo oficial no que se prestaron, especificando a praza, posto ou emprego desempeñado e o tempo de prestación do servizo. En ausencia da devandita certificación poderá acreditarse mediante contratos, tomas de posesión e/ou nóminas.

Os servizos prestados en Entidades privadas acreditaranse mediante contrato de traballo inscrito no SEPE (Servizo Público de Emprego Estatal) ou nóminas nos que se acredite o emprego desempeñado.

Se os servizos se prestaron neste Concello os aspirantes deberán solicitar, en instancia diferente á de participación no proceso selectivo, certificación que acredite ditos servizos. A instancia irá dirixida ao Sra. Alcaldesa- Presidenta do Concello e presentarse no Rexistro Xeral desta Entidade dentro do prazo de presentación fixado na convocatoria. As certificacións serán incorporadas directamente ao expediente, entregándose copia ao interesado se así o solicitase.

Os méritos aos que se fai referencia no baremo deberán posuírse na data de remate do prazo de presentación de instancias, computándose en calquera caso ata a citada data.

Pola súa parte, **para acreditar a experiencia en formación académica e complementaria** deberá presentarse copia das titulacións académicas e formación complementaria dos méritos alegados que pretende o interesado que sexan valorados pola comisión avaliadora.

A documentación á que se se refire os apartados precedentes que deba ser achegada polas persoas aspirantes deberá presentarse obrigatoriamente en formato PDF, non sendo admisibles, «*ex lege*», arquivos fotográficos (tales como .jpg, .jpeg, .png ou análogos), arquivos de vídeo (como .mp4, .avi, .mov ou equivalentes), nin documentos en formatos editables (incluíndo, sen carácter exhaustivo, .doc, .docx, .odt, .rtf ou calquera outro de natureza análoga).

Así mesmo, non se admitirá ningún outro formato distinto do indicado, quedando excluídos, aqueles arquivos que non garantan a integridade, inalterabilidade e adecuada lectura da documentación presentada. A presentación en formato distinto ao esixido dará lugar á non valoración da documentación achegada para os efectos do proceso selectivo.

4.6.2) Acreditación de coñecemento da lingua galega (Celga)

A documentación citada neste punto deberá acreditarse de conformidade coa a Instrución para a aplicación da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se modifica a Orde do 16 de xullo de 2007 pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega (Celga), en relación coa validación de estudos polos ditos certificados, e da Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, en relación coa exención da materia de lingua galega, a partir da implantación das ensinanzas de formación profesional básica e do Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR) establecidas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE). No caso de non acreditar o Celga 3 ou superior os aspirantes que superen o proceso terán que pasar unha proba de galego co nivel de Celga 3.

5. TRIBUNAL DE SELECCIÓN

5.1) Composición e funcionamento do Tribunal

O Tribunal de selección acomodarse ao establecido nos artigos 60 e 61 do TREBEP e estará integrado por 5 membros: Un presidente, tres vogais e un secretario que haberán de cumprir os requisitos sinalados na citada normativa.

Na composición do Tribunal tenderase á paridade entre homes e mulleres. Non poderán formar parte dos Tribunais as persoas de elección ou designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual.

O nomeamento dos membros titulares e suplentes que constituirán o Tribunal Cualificador, realizarase por resolución da Sra. Alcaldesa-Presidenta, debendo posuír, en calquera caso, titulacións ou especializacións iguais ou superiores ás esixidas para o acceso o posto que se convoca.

A composición do Tribunal publicarase na Sede Electrónica do Concello e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Vilalba, a máis tardar coa aprobación da listaxe definitiva de aspirantes admitidos.

Contra os actos do tribunal cualificador poderanse interpoñer os seguintes recursos e reclamacións:

- Contra as propostas finais dos/ as aspirantes seleccionados/ as e, en xeral, contra os actos de trámite que determinen a imposibilidade de continuar o procedemento selectivo ou produzan indefensión e que non esgoten a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada en base ao artigo 121 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, ante a Presidencia, no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte ao da súa notificación, ou da súa publicación na Sede Electrónica. Transcorridos tres meses desde a interposición sen que recaia resolución, poderase entender desestimado o recurso, quedando expedita a vía do recurso contencioso-administrativo, e iso sen prexuízo de que se poida exercitar outro que se estime pertinente.

- Contra os demais actos de trámite os interesados poderán presentar as reclamacións e formular as alegacións que estimen pertinentes ante o Tribunal no **prazo de tres (3) días** a contar desde o seguinte á data de publicación.

5.2) Asistencia técnica ao Tribunal

O Tribunal poderá dispoñer da posibilidade incorporación aos seus traballos de asesores naquelas probas que demanden oír a opinión de técnicos especialistas, así como dos colaboradores en tarefas de vixilancia e control de desenvolvemento dos diferentes exercicios.

6. COÑECEMENTO DO GALEGOO artigo 51 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, establece no seu tenor literal o que segue: “...nas probas selectivas que se realicen para o acceso ás prazas da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e das Entidades Locais de Galicia incluírase un exame de galego agás para aqueles que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente...”

Estarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que estean en posesión do título **Celga 3** ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, dacordo con a disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007 (DOG núm. 146, do 30 de xullo), pola que se regulan os certificados oficiais xustificativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, ou norma que a substitúa.

As persoas non exentas realizarán esta proba que consistirá na tradución dun texto do castelán ao galego e doutro texto do galego ao castelán. Os textos serán elixidos polo tribunal inmediatamente antes de celebrarse a proba.

O exercicio terá unha duración máxima de **trinta (30) minutos**.

O exercicio valorarase como apto/a ou non apto/a e para superalo será necesario obter o resultado de apto/a. Corresponderá ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixidos para alcanzar o resultado de apto/a.

Este exercicio é de carácter obrigatorio e eliminatorio, e realizarase na última fase do proceso, soamente entre aqueles aspirantes que houberan superado a totalidade das probas selectivas.

7. FASES DO PROCESO SELECTIVO – A) OPOSICIÓN Debido ó carácter urxente e a necesidade da selección rápida de empregados, os exercicios desta fase realizaranse nun único chamamento e de forma continuada o un do outro.

A fase de oposición terá unha puntuación máxima de **20 puntos**, e consistirá nas seguintes probas:

7.1) Proba práctica que versará sobre as materias comprendidas no Anexo II.

